



Nado en 1969, o lalinense **Celso Fernández Sanmartín** licenciouse en Filosofía pola Universidade de Santiago. Ademais de poeta, é recolledor e contador de contos e historias de tradición oral, faceta profesional que o leva por diferentes lugares do mundo. Durante moitos anos, en Lalín, traballou como animador sociocultural nunha residencia para persoas maiores.

A súa obra poética ten sido publicada maiormente en edicións de autor e de moi pequena tiraxe, o que non impediu que sexa enormemente apreciada polos lectores e a crítica. Esta, adoita encadralo na chamada Xeración dos 90, década na que se deu a coñecer. Fíxoo cos volumes: *Divagacións iu* (1991), *O tigre das cenorias* (1994), *Libro de poemas sen título* (1995), *Propiamente son captivo* (1997), aos que máis adiante seguiron *Fucsia, talladas, estampados, boca* (2001), *Arroz en branco con corazóns cocidos* (2010) e *Fam pam* (2013). Tamén colaborou co artista Álvaro Negro en *Abro a xanela e respiro o aire fresco da fin do mundo* (2009) e co fotógrafo Carlos Quintá en *Pasaxeiras* (2012). Ademais, ten publicada unha recolleita de postais co título de *Gratas e boas novas* (2011), así como os despregables *Dúas caras atentas* (2013) –poemas que acompañan dous colares deseñados por Baraka– e *Repoboar* (2015).

ESTE XABÓN

Este xabón acabouse

*Queda unha lesca, unha escama
que
ou se pega a outro xabón
ou escapa da palma da mau*

*Ten o tamaño da pastilla da cabeza
e non chega para a cara*

*O xabón foime remedio dei sacado o anel que apertaba de
traballar engordáronme os dedos*

*Este xabón non leva azulete, azulete levábao o que faciamos
na casa*

*Leva outro tinximento Levará leite
Vaise gastando e vai abrancazando coma miolo sen ollos
Se queda pousado na humidade
vólvese visgoso, a lama da pileta lle chamaba*

Axudoume a sacar o carmín do entroido

*Ó non usalo, sécase
e xa se fala do xabón eterno*

(CELSE FERNÁNDEZ SANMARTÍN)

Luns **27** de marzo
20:30

ÁGORA
www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Natalia Toledo





Natalia Toledo naceu en Juchitán (Oaxaca) en 1967. É unha poeta de expresión maiormente zapoteca, aínda que tamén en español. Graduada pola Escuela General de Escritores de México (SOGEM), ademais de poeta é autora de contos e tradutora ao zapoteco. Recibiu bolsas do FONCA (Fondo Nacional para la Cultura y las Artes) para linguas indíxenas nos anos 1994, 2001 e 2004, e a de novos creadores do FOESCA (Fondo Estatal para la Cultura y las Artes) en 1995. Membro do Sistema Nacional de Creadores dende 2008, en 2010 realizou unha residencia artística na Universidade RMIT de Melbourne (Australia).

Ademais de catro libros de contos e un de traducións, publicou os poemarios *Paraíso de fisuras* (1992), *Ca guna gu bidxa, ca guna guiiba' risaca* [Mulleres do sol, mulleres de ouro] (2002), *Guie' yaa-se'* [Oliveira negra] (2004) –que recibiu o premio Nezahualcōyotl de Literatura, único Premio Nacional da literatura indíxena contemporánea en México–, *Xtaga be'ñe'* [Flor de pantano] (2005) e *De-chebitoope* [El dorso del cangrejo] (2015). Se o seu traballo literario deu inspirado óperas, ela mesma gravou tamén tres discos coa súa poesía. Ademais de libros completos en inglés, francés e grego, poemas e relatos seus teñen sido publicados en antoloxías e revistas traducidos ao mixe, chinanteco, mixteco, maia, inglés, italiano, francés, vietnamita, esloveno, alemán, grego, chinés, punjabi e éuscaro.

A IRMÁ DE EURÍDICE

Plantei un pochote no medio do camiño

*e aledeime polas follas que me abrazaron,
dentro dunha nube que pasaba saltou unha culebra e
mordeume, caín polo talo da árbore até chegar ao cuarto
de Eurídice.*

*Ela sentiu mágoa por min e dixo:
O que aquí cae desgranará a culpa da soedade,
e así viñera Orfeo
xa non volverán os días en que o sol bañaba o teu corpo.*

← **NATALIA TOLEDO**
Luns 27 de marzo
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Celso Fernández Sanmartín

